

# TODO PÚBLICO

## "TODO PÚBLICO ESCOLAR" PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA CENTROS ESCOLARES

CURSO 2022/2023. PRIMAVERA 2023

### PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN DE SECUNDARIA

*"Porque os nenos e as nenas merecen e necesitan que a arte forme parte das súas vidas; porque as artes escénicas contribúen á súa formación emocional, a desenvolver a empatía e a xerar sociedades máis xustas. Merecen poder emocionarse e gozar con contidos de calidade que lles falen da realidade da que eles e elas son partícipes. Merecen un mundo cheo de arte".*

*(ASSITEJ España. Artes Escénicas para la Infancia y la Juventud)*

- Cada grupo só se poderá inscribir nunha única obra de teatro durante o curso 2022/2023.
- Os grupos que xa acudiron no primeiro trimestre non poderán volver inscribirse
- Cada grupo deberá estar acompañado, polo menos, por unha persoa responsable do centro.
- A programación de educación infantil está pensada para escolares a partir dos 4 anos.
- A capacidade máxima será de 300 espectadores/as (incluído o profesorado); ou o que estipule a lexislación sanitaria vixente en cada momento.
- Os espectáculos "Ragazzo", "Iphixenia na porta do súper" e "Relato para un incendio" teñen función o mesmo día ás 21.00 h para público xuvenil e adulto.

#### ENTRADAS

O PREZO DO BILLETE DE ENTRADA: 2,00 € por alumna/o para o alumnado de todos os niveis; e gratuíta para o profesorado acompañante.

#### RETIRADA E ABOAMENTO DAS ENTRADAS:

1. As entradas deben ser retiradas e aboadas cunha semana de antelación.
2. No caso de que non se faga o pago no prazo estipulado, adxudicaráselle as entradas a outro centro escolar que estea na listaxe de agarda.
3. As entradas recolleranse na billeteira do Fórum Metropolitano, con cita previa (chamando ao teléfono 981 184 297). Recoméndase o aboamento mediante tarxeta de crédito.
4. No momento de aboaren as entradas, poderase reducir o número de reservas ou aumentalas se quedan prazas vacantes.
5. Permitiranse un máximo dun 10% de devolucións, sempre e cando non excedan de 10 entradas por función e centro. O importe será devolto ao remate da función, no Fórum. No caso de que fosen aboadas con tarxeta de crédito haberá que presentala.
6. A factura seralle enviada ao centro escolar posteriormente á sesión.

## ACCESO AO FÓRUM METROPOLITANO

En autobús, débese acceder sempre desde a avenida de Oza en sentido de baixada para chegar á rúa Río Monelos.

Desta forma, os grupos baixarán na beirarrúa, diante do Fórum.

Recoméndase que o alumnado acceda ao edificio pola rampla ata a porta principal.

## INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

### TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO

A experiencia acumulada na programación de espectáculos de teatro para grupos escolares puxo de manifesto que a asistencia a un espectáculo será máis proveitosa e, polo tanto, con máis valor educativo se antes do espectáculo se fai un TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO.

Por unha banda, este traballo debe orientarse nunha dirección: REFLEXIONAR SOBRE O QUE SIGNIFICA ASISTIR A UN ESPECTÁCULO TEATRAL.

### COMO TE BENEFICIA O TEATRO?

Quizais nunca te paraches a pensar nos beneficios de ir ao teatro.

Por exemplo, sábese que a risa é unha das mellores terapias para a ansiedade e que mellora o noso estado de ánimo. A liberación de serotonina e endorfinas polo noso corpo trae pracer e reduce a dor. E non só iso, senón que o feito de mellorar o noso estado de ánimo e a produción espontánea e natural de substancias agradables fainos vivir nunha espiral de benestar e isto axúdanos a ser máis fortes contra enfermidades comúns.

Ademais, cando asistes á representación dunha serie de emocións, desenvólvese a túa empatía e colócate inconscientemente no lugar da outra persoa, o que pode incluso levarte a chorar inconsolablemente. A pesar de ser unha emoción negativa, sentir tristeza e mesmo chorar axúdanos a relaxarnos e a sentirnos mellor despois do proceso. Esa empatía tamén nos axuda a desenvolver a nosa intelixencia emocional ao sensibilizarnos sobre as emocións da historia que estamos vendo.

Non debemos esquecer que a cultura desenvolve a nosa intelixencia, e polo tanto mellora a nosa capacidade para lembrar e resolver problemas, mesmo matemáticos, xa que o cerebro é máis receptivo á realización de exercicios de comprensión máis figurados e complexos.

Compartir a experiencia co teu grupo de compañeiros/as, amizades, familia... axúdache a socializar e crear un vínculo común con esas persoas que fornece os lazos e as relacións coas que podemos gozar e sentirnos plenamente satisfeitos/as.

Hai que ter en conta que a cultura xera máis cultura. E canto máis desfrutemos deste tipo de ofertas, máis aprenderemos, máis nos divertiremos e iremos ampliando as nosas opcións de entretemento no futuro tanto a longo como a curto prazo. E que a cultura é fundamental no día a día de calquera persoa para poder seguir desenvolvéndose.

Por outra banda, para que o alumnado sexa non só espectador senón protagonista, a súa PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES PREVIAS E POSTERIORES Á FUNCIÓN é fundamental.

Tomar contacto coa danza mediante talleres de música e movemento, coñecer personaxes históricos que nos ensinen como viviron no pasado lendo os clásicos da literatura infantil e universal con adaptacións modernizadas...; ou afondar na temática en canto a valores que transmiten as obras, de amizade, respecto, solidariedade e integración na sociedade son mensaxes que vemos reflectidas no seu fondo.

Para iso, algunhas das obras programadas dispoñen de CADERNO ou DOSIER DIDÁCTICO.

## **BENVIDOS/AS AO TEATRO!**

Unha persoa representante da organización recibirá os grupos na entrada do edificio, indicarlles onde deben sentar no auditorio, permanecerá na sala en todo momento, organizará a saída ordenada e intentará solucionar as incidencias que se poidan presentar (devolución de entradas, normas do auditorio,...).

## **DÁMOSLLES UNHAS SINXELAS PAUTAS PARA SEGUIR PARA QUE O ESPECTÁCULO SEXA UN ÉXITO:**

- 1) Vimos todos/as divertirmos e desfrutar do teatro, sen esquecer respectar sempre o traballo das persoas que están no escenario e na sala.  
Debemos seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.
- 2) A hora salientada no billete de entrada é a hora de inicio da función.  
Agradécese puntualidade. Para iso, é aconsellable chegar ao Fórum con 10 ou 15 minutos de antelación.
- 3) Agradécese que a entrada e saída do edificio se faga en orde e no maior silencio posible, para lles evitar molestias ás persoas usuarias e traballadoras do Fórum.
- 4) Todas as persoas que asistan ao espectáculo accederán ao auditorio portando cada unha o seu billete de entrada.
- 5) Unha vez que comece o espectáculo, non se permitirá o acceso ao auditorio.
- 6) Por seguridade, hai que deixar libres os corredores e as portas de emerxencia do auditorio.
- 7) Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función. Se queren unha foto de grupo, poderán sacala ao termo da función, logo do previo aviso á xefa de sala.
- 8) Tampouco está permitido comer nin beber no auditorio.

## **MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS**

Aínda que a pandemia da COVID-19 xa está en fase de remisión, a incidencia da enfermidade segue a ser moderada, polo que manteremos certas medidas hixiénico-sanitarias no programa escolar:

- Realizarase a limpeza, desinfección e ventilación do auditorio antes e despois de cada función.
- Estarán instalados puntos de hixiene dotados con dispensador de xel hidroalcohólico e papeleira con tapa e pedal á entrada do auditorio.

Por parte dos centros escolares, esperamos que actúen con responsabilidade e se absteñan de enviar aos espectáculos a alumnado coa enfermidade sen máscara. Recoméndase lavar as mans con xel hidroalcohólico antes de entrar no auditorio.

Estas normas poderán variar en función das medidas que poidan ditar as autoridades sanitarias en función do desenvolvemento da pandemia da COVID-19 na nosa cidade ou na comunidade autónoma.

## **E DESPOIS DO ESPECTÁCULO**

Por favor, responda á enquisa de valoración.

E se che gustou, compárteo nas redes sociais ou déixanos un comentario no noso correo [forum@coruna.es](mailto:forum@coruna.es)

## ESPECTÁCULOS PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA

Espectáculo	Compañía	Nivel	Datas	Horario	Duración	Data tope de aboamento
<b>Joven Hamlet</b>	Cándido Producciones Teatrales (Castela León)	BACHARELATO e FP	luns 13/02/2023	12:00 h	60 min	6 de febreiro
<b>Ragazzo</b>	Barrosanta (Galicia)	2º ciclo de ESO BACHARELATO e FP	venres 17/03/2023	12:00 h	75 min	9 de marzo
<b>Iphixenia na porta do súper</b>	Compañía Humana (Galicia)	ESO e FP	venres 31/03/2023	12:00 h	75 min	23 de marzo
<b>Non hai mal que por ben non veña</b>	Cándido Pazó (Galicia)	1º ciclo de ESO	xoves 13/04/2023	12:00 h	60 min	31 de marzo
<b>Contos de vellos punkies para encarreirar a "mocedá"</b>	María da Pontragha (Galicia)	2º ciclo de ESO	venres 14/04/2023	12:00 h	60 min	31 de marzo
<b>Relato para un incendio</b>	aAntena (Galicia)	2º ciclo de ESO BACHARELATO e FP	viernes 28/04/2023	12:00 h	60 min	20 de abril

# "JOVEN HAMLET" de Cándido Producciones Teatrales

13 de febreiro de 2023 ás 12.00 h

Dirixido a Bacharelato e FP



***Teatro clásico contemporáneo con música en directo***

Duración: 60 minutos

Idioma: **castelán**

Ten **DOSIER PEDAGÓXICO**

A partir dunha idea de Chris Connaughton & Paul Harman, baseada na obra de William Shakespeare

En Joven Hamlet un detective investiga o “caso Hamlet”: os asasinatos ocorridos no castelo de Elsinore. Para desenvolver a súa investigación métese na pel de todos os protagonistas. Convértese en Hamlet, a súa nai, a pantasma do seu pai, o seu tío Claudio, Ofelia, Laertes, o sepultureiro... utilizando as palabras e os versos de Shakespeare.

Sobre o escenario, obxectos, probas necesarias para a investigación: un trono, unha coroa, un vestido de noiva, un espello, letras e flores secas, unha espada de fío envelenado e unha caveira... Un pianista de jazz acompaña o detective durante o decurso da obra, acentuando a acción, transportando libremente a música do século XVII ao jazz.

## **FICHA ARTÍSTICA**

Intérprete: Cándido de Castro

Músico ao piano: Chema Corvo

Dirección: Emilio Goyanes

Tradución: Isabel García Adánez (Premio Nacional de Traducción 2020)

Adaptación e dramaturxia: Emilio Goyanes

Composición musical: Chema Corvo

Iluminación: Inda Álvarez e Emilio Goyanes

Construción de escenografía: Cristian Santos

Unha produción do Concello de Zamora/Teatro Principal, INAEM do Ministerio de Cultura, Junta de Castilla León-Consejería de Cultura e Cándido Producciones Teatrales.

# "RAGAZZO" de Barrosanta

17 de marzo de 2023 ás 12.00h

Dirixido a 2º ciclo de ESO, Bacharelato e FP



## Drama. Monólogo de teatro contemporáneo

Duración: 75 minutos

Idioma: **galego**

OBRA PREMIADA CON DOUS PREMIOS DA CRÍTICA (REVELACIÓN E ESPECTÁCULO PARA A XUVENTUDE), CO PREMIO DA CRÍTICA SERRA D'OR E O PREMIO DO PÚBLICO NO F.I. HUESCA

**Ragazzo** é unha oda á xuventude e á liberdade, un grito á vida, á dignificación das historias persoais: unha reivindicación da memoria colectiva e da Historia que os donos do mundo nunca escribirán para nós. A reivindicativa obra sobre un activista italiano asasinado nunha manifestación contra o Cume do G8.

Europa, verán do 2001. A cidade de Ragazzo vive a restrición de dereitos máis grande que lembra o continente dende a Segunda Guerra Mundial: fronteiras pechadas, manifestacións prohibidas, ata tender a roupa nos balcóns... Detencións, identificacións, rexistros, 30.000 axentes recorren as rúas e protexen aos líderes do G8 na súa xuntanza.

Ragazzo, pese a isto, pasa o verán na cidade, nun garaxe que okupou e acondicionou como o seu fogar durmindo dentro do coche e cociñando no seu motor. Está de vacacións: ten tempo para ir a concertos, ler e escribir, cociñar, e incluso de namorarse... e por suposto de participar nas asembleas sociais, instaladas no estadio da cidade para facer fronte ao modelo de globalización imposto, soñando un novo mundo posible.

Pero o seu destino quedará marcado cando tome a decisión de quedarse na columna dos desobedientes, que se propuxo a acción pacífica de violar o confinamento da zona restrinxida aos amos do planeta.

## FICHA ARTÍSTICA

Intérprete: Anxo Outumuro

Autoría: Lali Alvarez

Dirección: Xavier Castiñeira

Adaptación: Anxo Outumuro

Escenografía e Iluminación: Violeta Martínez

# "IPHIXENIA NA PORTA DO SÚPER" de Compañía Humana

31 de marzo de 2023 ás 12.00 h

Dirixido a ESO e FP



**Drama. Monólogo de teatro contemporáneo**

Duración: 75 minutos

Idioma: **galego**

\* Recoméndase a explicación previa do mito clásico IPHIXENIA de Eurípides

PREMIO AO MELLOR TEXTO DO 2015 NOS UD THEATRE AWARDS FOR BEST NEW PLAY

**Iphixenia na Porta do Súper**, é unha crítica aos recortes nos servizos públicos, sobre todo na sanidade, que fai un paralelismo entre o mito clásico de Iphixenia e unha rapaza de barrio actual. **Iphixenia na Porta do Súper** é unha revisión contemporánea do mito clásico de Eurípides. Unha brillante versión premiada como mellor texto do 2015 nos UK Theatre Awards for Best New Play.

Iphixenia, unha “nini” de barrio, pasa os días nun bucle de alcohol e apatía roldando as rúas da súa vila. Unha noite coñece a un tío distinto dos demais e comeza a sentir unha sensación estraña, como de non estar soa. A partir de aquí, unha serie de circunstancias alleas levará á protagonista a sufrir unha grande perda.

Se no mito clásico Iphixenia era sacrificada polo seu pai Agamenón para contentar ós deuses e proseguir coa guerra de Troia, nesta traxedia dos nosos días é a propia protagonista quen decide sacrificarse e converter o seu sufrimento en xenerosidade cara a sociedade que a marxina. Unha personalidade magnética, directa, que nos amosa sen filtros e con humor a humanidade que se esconde tralas colas na atención primaria, recorte de camas hospitalarias, ausencia de médicos. Unha historia de sacrificio, dignidade e esperanza.

## FICHA ARTÍSTICA

Intérprete: Alba Caneda

Autoría: Gary Owen

Dirección: Sara Rey

Adaptación: Fran Peleteiro e Alba Caneda

Escenografía e Iluminación: Carmen Casal e María Torres (As Dúas en Punto)

Deseño de son e vestuario: Compañía Humana

# "NON HAI MAL QUE POR BEN NON VEÑA" de Cándido Pazó

13 de abril de 2023 ás 12.00 h

Dirixido a 1º ciclo da ESO



## *Monólogo de historias de tradición oral*

Duración: 60 minutos

Idioma: **galego**

Baseado nunha historia verdadeira. Pouco despois da pandemia de 1918 do pasado século. Fame e Miseria. Atraído pola recompensa que ofrecen aos asistentes, un neno pobre vai ao enterro dun home rico. Pero unha vicisitude fisiolóxica ameaza con estragar o seu propósito e a súa cobiza.

Emoción, memoria e, a pesar de todo, humor. Moito humor porque ... non hai mal que por ben non veña.

Un espectáculo incluído no "Festival Falando a Boca Chea 2023", de tradición oral, organizado por Artestudio Xestión Cultural e o IMCE, no Fórum Metropolitano.

## FICHA ARTÍSTICA

Intérprete: Cándido Pazó

Cándido Pazó é actor, director e dramaturgo galego de dilatada e premiada experiencia profesional. No campo da narración oral, máis aló das súas constantes actuacións en locais especializados, participou en numerosos festivais en España, Portugal e América Latina e imparte un seminario anual sobre "a oralidade no actor" na Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo de Porto.



# "CONTOS DE VELLOS PUNKIES PARA ENCARREIRAR A MOCEDÁ" de María da Pontragha

14 de abril de 2023 ás 12.00 h

Dirixido a 2º ciclo da ESO



## ***Monólogo de historias de tradición oral***

Duración: 50 - 60 minutos

Idioma: **galego**

Que hai máis punki ca un vello? Unha vella?

As vosas avoas e avós son as protagonistas dos contos máis punkis e rebeldes que poidas imaxinar... non o dubides.

Tiveron unha vida dura, pero soubérona levar entre risas e loitas.

Déixate guiar cos seus contos, que te han encarrear polo bo camiño!

Un espectáculo incluído no "Festival Falando a Boca Chea 2023", de tradición oral, organizado por Artestudio Xestión Cultural e o IMCE, no Fórum Metropolitano.

## **FICHA ARTÍSTICA**

Intérprete: María da Pontragha

María da Pontragha é educadora e antropóloga e, ás veces, conta contos. Dende sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música coma da palabra en si. Como narradora intenta darlle continuidade á nosa herdanza cultural e lingüística e encher este mundo de contos e historias para que sigan agromando vizosas nas xeracións vindeiras, vaille na idea; ao igual que cantar, por iso é vocalista nos grupos *Sacha na Horta*, *Lévedo* e *Bouba*.

# "RELATO PARA UN INCENDIO" de aAntena

28 de abril de 2023 ás 12.00 h

Dirixido a 2º ciclo da ESO, Bacharelato e FP



*Espectáculo de teatro contemporáneo con proxeccións audiovisuais*

Duración: 60 minutos

Idioma: **galego**

A dramaturxia de **Relato para un Incendio** parte de dous sucesos verídicos acontecidos na comarca de Ordes: os estudos antropolóxicos de Gustav Hennigsen en Arxemil durante a década dos 60 na procura dos últimos vestixios da bruxaría en Galicia e os incendios provocados por unha veciña de Cerceda no verán de 2016.

A proposta escénica baséase no traballo dos actores e actrices e de solucións creativas, centrándose no sinxelo e na relación profunda entre intérprete e público. Outro dos elementos é a metateatralidade, cun elenco transformando a súa caracterización e falando directamente coa audiencia, a favor dun achegamento emocional e o uso do audiovisual para artellar xogos escénicos.

aAntena foi seleccionada para levar a escena a proposta dramática de Ernesto Is en coprodución co Centro Dramático Galego.

## FICHA ARTÍSTICA

Intérprete: Victoria Pérez, Isabel Risco, Manu Fernández

Autoría e adaptación: Ernesto Is

Dirección: Xosé Leis Martínez

Escenografía e Iluminación: José Manuel Faro "Coti" e Montse Piñeiro

Deseño de son: Xabier Romero

Vestiario: Mar Fraga

Música: aAntena